

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de novembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS:**

**1. CONTRATACIÓN.-** Acórdase a prórroga do contrato de servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do parque móbil municipal de Lugo. exp. ref. 2021-C003-000034 correspondente ao lote 2: servizo de chapa e pintura de todos os vehículos municipais.

Tamén se acorda a prórroga dos contratos de servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do parque móbil municipal de Lugo. exp. ref. 2021-C003-000034 correspondente ao lote 1: mecánica completa de vehículos lixeiros e lote 4: substitución e reparación de pneumáticos de todos os vehículos municipais.

Así mesmo, acórdase a segunda prórroga para a contratación dos servizos funerarios para o enterramento de persoas sen recursos. exp. ref.: 2020-C003-000013, que vai dende a data do 23.12.2022 ata o 22.12.2023.

**2. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria por denegación licenza urbanística legalización edificacións dedicadas a actividades ecuestres no LG. a Vila de Arriba-San Xulián de Rubiás.

**3. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo correspondente a unha praza estrutural técnico/a de turismo incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso.

Acórdase a aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4425346415022927292.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-11-2022

correspondente a unha praza estrutural celador/a CEIP reservada a discapacidade incurso no suposto do artigo 2.1 da lei 20/2021 polo sistema de concurso oposición.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo correspondente a unha praza estrutural oficial sepultureiro incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 polo sistema de concurso oposición.

Acórdase a aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo correspondente a unha praza estrutural técnico/a medio xestión incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021 polo sistema de concurso oposición.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo correspondente a unha praza estrutural axudante/a cociña-limpeza incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade intelectual.

Acórdase a aprobación das bases específicas do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Lugo correspondente a unha praza estrutural celador ceip incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade.

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**4. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar as seguintes licenzas urbanísticas: para agregación e segregación das parcelas con referencia catastral 27900A16000079 e 27900A16000085, sitas en Paderne, parroquia de Bazar, (expte: 2022/Y005/000001) e para segregación da parcela nº 9 da avda. de Madrid. (expte: 2022/Y005/000008).

Acórdase a conceder a licenza urbanística para mellora enerxética mediante a colocación de revestimento térmico en fachada, substitución de carpinterías, illamento de forxados; renovación de instalacións e acabados; obras parciais de redistribución, eliminación de carpinterías e construción de peches de fachada sen ampliación da ocupación da edificación, no ies ánxel fole, sito na parcela con referencia catastral 6447618PH1664N0001DR, na rúa Anxel Fole, número 15, (expte: 2022/Y001/000109).

Acórdase estimar o recuso de reposición interposto contra o acordo 3/331 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de xuño de 2022, polo que non se outorgou a licenza urbanística solicitada para rehabilitación de vivenda tradicional, en a Raña, número 7, parroquia de Santiago de Saa. (exp.:

2021/Y001/000014).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para demolición da edificación e substitución por edificio composto de planta baixa máis catro plantas altas, dedicadas a uso hoteleiro para 7 apartamentos turísticos, na rúa da Xesta, número 2, unidade edificatoria 580201.

### **ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

**5. DEPORTES.-** Acórdase a iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de club fluvial.

**6. XUVENTUDE.-** Acórdase aprobar a solicitude de festa de interese turístico internacional para o Arde Lucus.

**7. BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES.-** Acórdase a adxudicación directa da subvención nominativa á cruz roja española, Cif: Q-2866001-G, para o desenvolvemento dos programas: proxecto de mantemento do piso de acollida temporal a persoas sen fogar e actuacións específicas con persoas sen fogar;. (exercicio económico 2022).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**